

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández**, membros do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta en Comisión**, sobre a posición do Goberno Galego en relación co número de titulados universitarios existentes en Galicia e as consideracións do Ministro de Educación a este respecto.

No ano 1989 a ERT (Mesa Redonda dos Industriais Europeos) elaboraba o seu informe *Educación e Competencia*, onde plasma a necesidade de adaptar os estudos superiores ás novas demandas do mercado laboral.

A Unión Europea publica en 1995 *Libro Branco sobre a educación e a formación*. Tres anos despois, en maio de 1998, os ministros de educación de Francia, Alemaña, Italia e Reino Unido, asinan unha declaración instando á creación do Espazo Europeo de Educación Superior. E , finalmente, en xuño de 1999, ten lugar a Conferencia Europea que dará lugar á sinatura da *Declaración de Boloña* asinada por 30 estados europeos, co que se iniciaba o proceso de reconversión da universidade en que estamos agora inmersos.

Baixo o paradigma da chamada “*sociedade do coñecemento*”, e dende estamentos supranacionais e antidemocráticos como a Comisión Europea e o FMI, acelerouse o proceso de sometemento dos saberes científicos e culturais aos intereses dos mercados e ás demandas do sector empresarial.

Mais adiante, co pretexto da chamada crise económica, e metidos de cheo nun proceso de precarización do “mercado laboral”, ambos os dous fenómenos especialmente graves nos países da periferia europea, as esixencias do mercado pasan por incrementar o número de titulados medios e os egresados na formación profesional para dar unha reposta axustada ás demandas dos países industrializados do centro de Europa. Dende esta óptica economicista, o neoliberalismo concibe como inútil formar universitarios para seren empregados como camareiros, dependentes de centro comercial ou cuidadores e cuidadoras no fogar.

Os 16.000 mozos e mozas menores de 30 anos que cada ano marchan a traballar fora de Galicia, saben ben cales son as demandas do mercado laboral de europeo e o tipo de ocupacións ás que poden acceder.

Asumindo o rol de subordinación do noso país e nun foro hispano-alemán celebrado en Berlín o pasado día 18 de Novembro, o Ministro de Educación e IX Barón de Claret, afirmaba *“vai demasiada xente a universidade, temos que equilibrar”* e engadía *“as cifras indicannos que sobran universitarios”*.

Semella que aos gobernos da dereita non lles abonda con establecer uns prezos de matrícula imposibles de asumir para os fillos e fillas dos traballadores, non abonda con mutilar as bolsas universitarias e doutorais, non abonda cuns prezos dos másters universitarios imposibles de asumir para unha familia, senón que urxe, ademais, unha reconversión universitaria mediante Reais Decreto como o coñecido como o 3+2, a través de novos mapas de titulacións e de novos plans de financiamento. Unha reconversión que inclúe unha diminución do número de universidades, unha diminución na oferta das titulacións, unha diminución dos orzamentos universitarios, unha diminución das bolsas de estudos e en consecuencia, unha diminución do número de universitarios que afectará novamente e de xeito maioritario ós fillos da maioría social do noso país.

Dende Alternativa Galega de Esquerda, non creemos que unha sociedade poda estar sobrada de formación, senón de inxustiza e marxinação. Un país nunca pode estar excesivamente educado, só pode estar demasiado embrutecido e violentado.

Unha persoa non pode ter unha capacitación demasiado completa para un determinado posto de traballo, só pode ter un salario e unhas condicións de traballo demasiado precarias. O enfoque contrario, sitúanos nun marco elitista e clasista do ensino superior que é cara ao que camiñamos, no que cada vez menos poden acceder a estudos universitarios e son condenados á marxinalidade laboral, á explotación e ao illamento cultural.

Dende AGE entendemos que o coñecemento e a cultura son elementos esenciais para a construción dunha sociedade máis madura, crítica, equitativa e xusta e contribúen na consecución dunha democracia mellor asentada.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Comisión:

-Que valoración fai o Goberno Galego das intencións do Goberno do Estado de diminuír o número de tituladas e titulados universitarios no noso país?

En Compostela, a 11 de xaneiro do 2016.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Vázquez Díaz na data 11/01/2016 12:07:14**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 11/01/2016 12:07:20**